

DECRETO

Dende a Concellería de Servizos Sociais convocáronse as axudas á escolarización e becas de comedor para o curso 2016-2017 coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidades dos menores a cargo de familias con escaseza de recursos económicos.

As bases das axudas á escolarización e becas de comedor foron aprobadas por Decreto da concelleira delegada de Servizos Sociais de data 29.07.2016.

Ditas bases publicáronse no taboleiro de Edictos do Concello o día 05 de agosto, abríndose un prazo de 20 días naturais para a presentación de solicitudes, contado a partir do día seguinte ao da publicación, rematando o prazo o día 25.08.2016.

Unha vez avaliadas todas as solicitudes presentadas, a concelleira delegada de Benestar Social, acorda o seguinte:

1. **Aprobar as listaxes provisionais das axudas á escolarización e becas de comedor.**
2. Publicar as mesmas no taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web.
3. Apertura dun procedemento de tramitación de urxencia, dacordo co artigo 50 da Lei 30/1992 por razóns de interés público, xa que está iniciado o curso escolar, reducíndo os prazos á metade. Poderanse **subsanan** as solicitudes presentadas durante o **prazo de 5 días**, contados a partir do día seguinte ó da publicación das listaxes provisionais.

Ferrol, 21 de setembro de 2016

A concelleira delegada de Servizos Sociais,

Beatriz Sestayo Doce



Ante min
o secretario xeral

